

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR E O CONCELLO DE PARA A PARTICIPACIÓN NA PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS MEDIANTE A ACTUACIÓN DUN VEHÍCULO MOTOBOMBA

En Santiago de Compostela,

Por unha banda, don Tomás Fernández-Couto Juanas, secretario xeral do Medio Rural e Montes, segundo o Decreto 30/2012, do 4 de xaneiro (DOG núm. 4 do 5 de xaneiro de 2012), polo que se dispón o seu nomeamento; actuando en nome e representación da Consellería do Medio Rural e do Mar da Xunta de Galicia, en virtude das atribucións que lle confire a Orde do 30 de marzo de 2012 sobre delegación de competencias (DOG núm. 70 do 12 de abril de 2012).

Da outra, don, Alcalde do Concello de, en virtude das facultades representativas que lle atribúe o artigo 61.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da administración local de Galicia.

Ambas as dúas partes actúan no exercicio dos seus respectivos cargos, coa representación legal que ostentan, e recoñécense mutuamente capacidade para se obrigaren nos termos do presente convenio marco.

EXPOÑEN:

PRIMEIRO.- A Consellería do Medio Rural e do Mar é o órgano da Administración galega ao cal, baixo a superior dirección da persoa titular do departamento, lle corresponde propor e executar as directrices xerais do Goberno no ámbito rural, que engloba as competencias en materia de agricultura, gandería, desenvolvemento rural e ordenación comarcal, estruturas rurais, industrias agroalimentarias e forestais, montes, prevención e defensa dos incendios forestais, de acordo co establecido no Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 27, apartado 10, que dispón que lle corresponde á Comunidade Autónoma Galega a competencia exclusiva en materia de montes, aproveitamentos forestais e naturais, sen prexuízo do disposto no artigo 149.1.23 da Constitución.

A Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, modificada pola disposición derradeira primeira da Lei 7/2012 do 28 de xuño de montes que establece as medidas preventivas que faciliten a loita contra o lume e que sirvan así mesmo para a posta en valor da potencialidade produtiva, ecolóxica e social do monte galego como base do desenvolvemento sustentable do medio rural.

SEGUNDO.- Os Concellos teñen atribuídas, a teor dos artigos 80 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia e 25 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, competencias en materia de protección do Medio Rural, protección civil e a prevención e extinción de incendios.

TERCEIRO.- Os incendios forestais son unha ameaza que afecta hoxe en día, de xeito xeral, non só ao patrimonio forestal público e privado; tanto montes de particulares, montes veciñais en man común e montes de varas; senón tamén aos recursos naturais e ao mantemento e desenvolvemento da actividade humana no medio rural.

CUARTO.- A Xunta de Galicia prestaralles a súa colaboración ás entidades locais para a prevención e extinción de incendios, ben a través de medios propios, ben por medio de mecanismos de apoio económico, segundo o disposto no artigo 59.1 da Lei 3/2007, de prevención e defensa contra os incendios forestais.

QUINTO.- As administracións públicas de Galicia colaborarán entre si e cooperarán nas tarefas de prevención e loita contra os incendios forestais, achegando os medios materiais, económicos e humanos á súa disposición, segundo o disposto no artigo 8 da Lei 3/2007.

SEXTO.- As entidades locais de Galicia constitúen o tecido básico territorial sobre o que se ten que desenvolver a política de prevención contra os incendios forestais.

SÉTIMO.- Os incendios forestais no medio rural constitúen unha grave ameaza para calquera política seria de desenvolvemento rural, ademais de comprometer a sustentabilidade económica e social de Galicia e require o compromiso de todas as administracións, en particular a autonómica e local e do conxunto da cidadanía. A colaboración entre a administración autonómica e local pódese levar a cabo mediante a actuación de vehículos motobomba dos Concellos convenientemente equipados, conforme aos requirimentos esixidos no anexo I. Esta colaboración, de claro interese público e social,

presenta dificultades para promover a súa concorrencia pública, conforme ao disposto no artigo 19.4.c) da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, xa que, por unha banda, os medios deben estar dispoñibles e integrados no dispositivo do Servizo de Prevención e Defensa Contra Incendios Forestais (en adiante SPDCIF) ao inicio da época de perigo alto, polo que se requiren procedementos administrativos da máxima axilidade; e por outra, dado que a longa experiencia acumulada polo SPDCIF na defensa contra os incendios forestais e o contacto directo entre os Distritos Forestais e os Concellos que neles se emprazan, fai que o SPDCIF coñeza perfectamente cales son os Concellos con vehículos motobomba que cumpren cos requirimentos do anexo I.

OITAVO.- Na tramitación deste convenio téñense en conta os requisitos establecidos no Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas.

Ambas as dúas partes acordan asinar o presente “Convenio para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais mediante a actuación de vehículo/s motobomba” de acordo coas seguintes,

CLÁUSULAS:

PRIMEIRA.- Obxecto

O obxecto do presente convenio é acordar a participación e colaboración entre a Consellería do Medio Rural e do Mar e o Concello de na finalidade común de actuar nas tarefas de vixilancia, prevención e defensa contra incendios forestais coa finalidade de evitar os mesmos ou, cando menos, de minorar as súas consecuencias e o seu impacto negativo.

SEGUNDA.- Operatividade e designación de responsable polo Concello

O Concello comprométese a manter operativo/s o/s vehículos motobomba/s (en adiante VMB/s) durante cada un dos meses de vixencia do convenio, estando operativo/s dito/s vehículo/s polo menos 16 horas ao día, tendo plena dispoñibilidade, incluíndo nela os traballos en domingos, festivos e festas locais, así como as quendas de noite necesarias durante toda a

vixencia do convenio, realizando labores de prevención e defensa contra os incendios forestais, sempre que non sexa/n requirido/s para a extinción destes.

Así mesmo garantirá a colaboración e coordinación co despregue de medios do Distrito Forestal, mediante a designación dunha persoa como responsable e coordinador do funcionamento do/s VMB/s, para establecer as relacións operativas e de comunicación co persoal do Distrito Forestal ao que pertenza o Concello.

TERCEIRA.- Especificidade dos traballos

Debido á especificidade dos traballos a realizar, procurarase que o persoal encargado do manexo e actuación do/s VMB/s teña experiencia nas tarefas de extinción de incendios forestais, así como a capacidade física axeitada. (Véxase Anexo II adxunto, a modo indicativo).

CUARTA.- Contratación de persoal polo Concello

O persoal encargado do manexo e actuación do/s VMB/s que participe ao abeiro deste convenio dependerá tanto xurídica como organicamente do Concello e en ningún caso terá vínculo laboral coa Xunta de Galicia.

O Concello deberá cumprir coa normativa vixente de prevención de riscos laborais para a realización dos traballos aos que se refire o presente convenio, asumindo as responsabilidades derivadas do incumprimento das súas cláusulas.

QUINTA.- Compromisos do Concello

Os medios persoais e materiais incluídos neste convenio, deberán dispoñer obrigatoriamente de:

- O persoal encargado do manexo do/s VMB/s deberá contar, como mínimo, co equipo obrigatorio de protección individual para realizar a súa función conforme ás normas do “Real Decreto 1407/92, do 20 de novembro, por el que se regulan las condiciones de comercialización y libre circulación intracomunitaria de los equipos de protección individual”, con EPIS enmarcados na categoría II. (Véxase Anexo I).



- O/s VMB/s con matrícula/s:, incluído/s neste convenio estará/n e permanecerá/n en perfectas condicións mecánicas e de dotación, contando co equipamento mínimo especificado no Anexo I. Así mesmo, estará/n ao corrente en toda a documentación, cumprindo coas obrigas administrativas que leva aparelladas en materia de inspección técnica (ITV), pólizas dos seguros, impostos, etc. O Concello comprométese a efectuar as reparacións e revisións o antes posible e sempre a conta deste, para garantir o seu continuo funcionamento.

SEXTA.- Traballos a realizar

A planificación da actuación en materia de prevención e defensa contra incendios forestais corresponderá á Consellería de Medio Rural e do Mar, de acordo coa comisión de seguimento do convenio, de xeito que o/s VMB/s participe/n nos labores encamiñados á prevención, construción e mellora de infraestruturas de defensa contra incendios forestais, que diminúan o risco de propagación e minoren os danos dos incendios, no caso de producirse. Estes labores desenvolveranse sempre dentro do ámbito territorial do Concello.

O punto de traballo e horario para o/s VMB/s fixarase polo Concello de acordo coa comisión de seguimento, segundo a carga de traballo existente en cada momento.

Os VMB/s colaborarán prioritariamente con respecto a outros traballos na extinción de incendios forestais integrándose no dispositivo de emerxencias do Distrito Forestal onde se sitúe o Concello, segundo o disposto no artigo 47 da Lei 43/2003, de montes e no artigo 48.6 da Lei 3/2007, de prevención e defensa contra os incendios forestais.

Así mesmo, cando concorran razóns extraordinarias, poderá/n colaborar na defensa de incendios declarados noutros ámbitos territoriais, dentro da Comunidade Autónoma de Galicia, sen prexuízo da correspondente indemnización polos gastos ocasionados.

SÉTIMA.- Coordinación dos traballos

Co fin de velar pola execución do presente convenio, crearase unha comisión de seguimento, composta polo xefe provincial do SPDCIF ou un técnico do Servizo no que delegue, por un técnico do Distrito Forestal ao que pertenza o Concello e por un representante do Concello designado polo alcalde que poderá se-lo coordinador do funcionamento do/s VMB/s.

Esta comisión reunirase inmediatamente para a resolución de calquera incidencia relacionada co convenio, e ademais realizará as funcións que lle atribúen as demais cláusulas deste convenio.

OITAVA.- Posta a disposición de medios de radiocomunicacións

Sempre que fora necesario e durante a vixencia do convenio, a Consellería do Medio Rural e do Mar porá a disposición do Concello os medios de comunicación precisos para a integración do/s VMB/s na Rede de Radio do SPDCIF, sendo responsabilidade do Concello calquera deterioro que sufran estes equipos polo uso non axeitado para a súa finalidade e devolvelos unha vez finalizada a vixencia deste convenio en perfecto estado.

NOVENA.- Orzamento

A Consellería do Medio Rural e do Mar aportará unha contía total máxima de € financiada con cargo á aplicación orzamentaria 12.20.551B.760.0 dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano **2014**. Esta achega distribuirase do seguinte xeito:

- Pola operatividade de cada vehículo motobomba: 4.785,00 €/mes

O IVE soamente será subvencionable na medida en que non sexa susceptible de recuperación ou compensación.

DÉCIMA.- Gastos subvencionables.

Son gastos subvencionables aqueles que de xeito indubidable respondan á natureza da actividade subvencionada neste convenio e que se realicen dende o inicio da operatividade do/s VMB/s ata o prazo de finalización da mesma, incluíndo os gastos de persoal e equipamentos e os gastos de mantemento e funcionamento dos vehículos motobomba. Non serán subvencionables, pola contra, os gastos de reparación destes vehículos.

Con carácter xeral, considerarase gasto realizado cando se teña contabilizado o recoñecemento da obriga polo órgano competente da entidade local. Non obstante, no caso de pagamentos anticipados considerarase gasto realizado o que foi efectivamente pagado pola entidade local con anterioridade á finalización do período de xustificación.

DÉCIMO PRIMEIRA.- Primeiro pagamento

Poderase librar un primeiro pagamento de ata un 60% do importe total da achega correspondente á Consellería, mediante resolución motivada do secretario xeral do Medio Rural e Montes, en virtude das atribucións que lle confire a Orde do 30 de marzo de 2012 sobre delegación de competencias; e tendo en conta o artigo 6.2.3 do Decreto 193/2011 do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas e previo envío, por parte do distrito forestal, do informe favorable da operatividade do/s VMB/s, no que se reflectirá:

- Nomes do persoal encargado do manexo do/s VMB/s, con especificación do responsable e do número de teléfono de contacto.
- Equipamento obrigatorio de protección individual, segundo estipula o Anexo I.
- Equipamento mínimo para o/s VMB/s, segundo estipula o Anexo I, facendo constar ademais que están ao corrente en toda a documentación deste/s, segundo estipula a cláusula quinta do convenio.

A xustificación deste anticipo polo Concello realizarase coa conta xustificativa do pagamento final.

DÉCIMO SEGUNDA.- Conta xustificativa do convenio

Para proceder ao pagamento final do convenio deberá enviar a seguinte documentación, ao remate deste:

- Por parte do Concello, conta xustificativa do convenio que incluírá:
 - a) Certificación expedida polo funcionario competente do Concello (secretario ou secretario-interventor), co visto e prazo do/a alcalde/sa, relativa ao cumprimento da finalidade do convenio e aos gastos totais soportados pola entidade beneficiaria imputables á actuación subvencionada. Xúntase modelo orientativo, segundo ANEXO III.
 - b) Os distintos conceptos e contías correspondentes aos gastos totais soportados pola entidade beneficiaria imputables á actuación subvencionada, distinguindo os gastos imputables ao primeiro pagamento, (60% do importe da achega) no caso de



telo percibido (xúntase modelo orientativo, segundo ANEXO IV) do resto de gastos (xúntase modelo orientativo, segundo ANEXO V).

- c) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia, segundo o disposto no artigo 48.2.e) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da devandita Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
 - d) Certificación indicando se o IVE ten ou non condición de deducible para o Concello (soamente no caso de que a xustificación se realice mediante facturas), expedida polo funcionario competente do concello (secretario-interventor ou no caso de que sexan dúas competencias diferenciadas, certificación do secretario e informe do interventor).
- Por parte da Consellería:
 - a) Unha certificación expedida polo funcionario responsable do seguimento do convenio na que se faga constar se a colaboración co SPDCIF foi satisfactoria ou non. No caso de que a certificación considerase que a colaboración non foi favorable, a comisión de seguimento poderá propor a modificación á baixa ou o non pagamento da cantidade comprometida no convenio. Segundo a proposta da comisión de seguimento, logo de resolución do órgano competente, o Concello estará obrigado a devolver todo ou parte do primeiro pagamento, no caso de telo percibido. Do mesmo xeito, e no caso de que a certificación reflicte que os medios conveniados non estiveron operativos durante toda a vixencia do convenio, a liquidación a percibir respecto ao total da axuda, será proporcional á relación existente entre o período efectivo de operatividade e o período establecido no convenio.

O prazo de presentación da documentación para o pagamento final rematará o 15 de outubro de **2014**, para aqueles casos nos que a operatividade dos vehículos motobomba finalice antes do 1 de outubro, para o resto de casos concederanse 15 días para a xustificación dende o remate da súa operatividade.



Sen prexuízo do disposto para os anticipos, as entidades locais beneficiarias estarán obrigadas a acreditar documentalmente a efectividade dos pagamentos realizados no prazo máximo de sesenta días naturais contados a partir da data do ingreso na conta bancaria dos beneficiarios de cada un dos abonos das subvencións concedidas.

DÉCIMO TERCEIRA.- Comprobacións da xestión dos fondos

O Concello someterase ás actuacións de comprobación que con respecto a xestión dos fondos do presente convenio pode efectuar a Consellería do Medio Rural e do Mar ás de control orzamentario requiridas pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.

DÉCIMO CUARTA.- Compatibilidade con outras axudas

As axudas concedidas no presente convenio serán incompatíbeis con calquera outra de réxime comunitario para a mesma finalidade.

Así mesmo no suposto de que o importe do convenio, illadamente ou en concorrencia con axudas doutras administracións públicas ou privadas, supere o total do custo da actividade, procederase ao reintegro do exceso percibido.

DÉCIMO QUINTA.- Reintegros.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión desta subvención, e en todo caso a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, poderá dar lugar á modificación da resolución da concesión.

O incumprimento dalgunha das cláusulas deste convenio, así como a concorrencia dalgunha das causas de reintegro recollidas no artigo 33 da Lei 9/2007, darán lugar ao reintegro total ou parcial da axuda recibida.

No caso de que exista unha minoración do gasto por calquera das causas anteriores, correspóndelle esta minoración á achega efectuada pola Consellería do Medio Rural e do Mar.

DÉCIMO SEXTA.- Interpretación.

A Consellería do Medio Rural e do Mar interpretará o clausulado e resolverá as diverxencias que puideran acaecer, así como as dúbidas ou calquera outra incidencia que se derive do cumprimento, do disposto no presente convenio.

DÉCIMO SÉTIMA.- Rescisión do convenio

Será motivo de rescisión do presente convenio o incumprimento das súas cláusulas mediante denuncia de calquera das partes, oída a comisión á que se refire a cláusula sétima, procedéndose ao reintegro da axuda percibida e dos xuros de mora, segundo o disposto no Título II da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

DÉCIMO OITAVA.- Publicidade

O Concello de presta o seu consentimento á Consellería do Medio Rural e do Mar para incluír e facer públicos, nos rexistros regulados no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, os datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como as sancións impostas.

DÉCIMO NOVENA.- Natureza do convenio e normativa aplicable

O presente convenio ten natureza administrativa e todas as cuestións que del se deriven, resolveranse ante a xurisdición contencioso administrativa.

VIXÉSIMA.- Vixencia

Os medios aos que se refire este convenio, sempre e cando cumbran co clausulado, deberán estar operativos durante meses, do seguinte xeito:

- O vehículo motobomba coa matrícula, dende o ata o

Por causas xustificadas poderá demorarse a data de inicio prevista anteriormente nun máximo de 1 mes o que quedará acreditado na correspondente acta da Comisión de Seguimento na que se deixará constancia da nova data de inicio. Neste caso o período previsto contarase a partir desa nova data ata cumprir o prazo máximo estipulado.

En proba de conformidade, as partes asinan por triplicado na data e lugar indicados no encabezamento.

A conselleira do Medio Rural e do Mar

P.D. O secretario xeral do Medio Rural e Montes

Orde do 30/03/2012

(DOG núm. 70 de 12 de abril)

O alcalde do Concello de.....

Tomás Fernández-Couto Juanas

ANEXO I

EQUIPOS DE PROTECCIÓN INDIVIDUAL PARA A REALIZACIÓN DE TRABALLOS DE PREVENCIÓN, DETECCIÓN E EXTINCIÓN DE INCENDIOS FORESTAIS

Toda prenda ou accesorio deberá estar certificado conforme establece o Real decreto 1407/92 do 20 de novembro, de aplicación no noso país da Directiva Comunitaria 89/686 CEE para a realización destes traballos, e de acordo con esta normativa, os EPIs serán de CATEGORÍA 2.

Comprobación de certificación:

- Etiquetado da prenda ou accesorios con marcado CE e simboloxía que indique "para que" está certificado, talla, nome do fabricante, ano de fabricación e composición do tecido.
- Toda prenda ou accesorio levará un folleto informativo adxunto para o usuario onde se indique o uso para o que foi confeccionado e certificado, e a súa vida útil.

1. EQUIPAMENTO OBRIGATORIO

Estará composto por:

- 1.1.- Mono
- 1.2.- Botas
- 1.3.- Casco
- 1.4.- Luvas
- 1.5.- Mascarilla e filtros
- 1.6.- Gafas
- 1.7.- Protector do colo

1.1.- MONO

- Tecido ignífugo resistente ó desgarro.
- Pechado con cremallera metálica inoxidable oculta baixo tapeta. Cosido con fío ignífugo, de meta-aramida ou equivalente.

1.2.- BOTAS

1.2.1.- Sola:

- De goma dura, labrada e antideslizante. Cosida, vulcanizada ou pegada.
- Resistente ó calor por contacto (certificación HRO).
- Illamento térmico do piso (certificación HI).

1.2.2.- Plantilla anticalórica.

1.2.3.- De media cana de coiro negro, impermeabilizada e transpirable.

1.3.- CASCO

- Non metálico, ininflamable, non conductor da electricidade.
- Con barbuqueixo regulable

1.4.- LUVAS

- De pel natural transpirable, suave, flexible. Axustados á moneca.
- Con mosquetón: enganche e beira de suxeición inoxidables.

1.5.- MASCARILLA

- Antialérxica, suave, flexible, con bordes redondeados. Cubrirá só a zona buco-nasal. Amplo campo de visión.
- Con filtros duros para fumes, pos e neblinas.

1.6.- GAFAS

- Visor incoloro, transparente e flexible e tratado contra o empañamento.
- Un só plano frontal, opticamente neutro e resistente ó impacto.

1.7.- PROTECTOR DO COLO

- Prenda de tecido ignífugo acoplado no casco que cubre alomenos a parte posterior do colo.

2.- EQUIPAMENTO COMPLEMENTARIO RECOMENDABLE

2.1.- Cinto (Tecido forte provisto de peches, ollais e presillas metálicas e inoxidables. Bordos rematados e reforzados).

2.2.- Lanterna (facilitaría o traballo do persoal durante a noite).

2.3.- Camiseta.

EQUIPAMENTO MÍNIMO PARA OS VEHÍCULOS MOTOBOMBA

1. Mangotes (6 metros en 4 tramos) coas súas chaves correspondentes.
2. Mangueras (25 mm diámetro; 15 tramos de 20 m; 45 mm de diámetro; 4 tramos de 15 m)
3. Lanzas (3 de 25 TB e 2 de 45 TB)
4. 2 Bifurcacións 45TB/25TB con válvulas de paso.
2 Reducións de 45 TB/25TB
1 válvula de corte con racor TB 25
5. Xuntas de racores (mínimo 5 de 25 TB e 5 de 45 TN)

BOTIQUÍN: un por vehículo motobomba

EXTINTOR: un por vehículo motobomba



ANEXO II

ICONA / Comunidades Autónomas
Comisión Técnica de Normalización sobre Incendios Forestales
RECOMENDACION CTR-ICONA / CCAA núm. 1 / 1993

CONDICIONES TECNICAS PARA LA CONTRATACION DEL PERSONAL DE LAS BRIGADAS DE EXTINCION: COMBATIENTES Y CAPATACES

(Aprobada por la Comisión en su reunión del 17 de marzo de 1993)

1. SELECCION

1.1. Edad: Dieciocho a sesenta años

Limites recomendables para las Brigadas Especiales (BRIF): veinte a cuarenta y cinco años.

1.2. Experiencia previa en extinción

Es condición preferente en todos los casos.

Los capataces deberán tener experiencia previa como capataces o brigadistas en dos campañas como mínimo. Será preferente el título de Capataz forestal.

La experiencia se acreditará mediante contrato de trabajo y certificación positiva de aptitud descrita en 2.3.

1.3. Examen médico

Son excluyentes las lesiones de corazón, pulmón o intestinales, los trastornos psicológicos, las incapacidades del aparato locomotor, las enfermedades infecciosas y la obesidad. En las mujeres también será excluyente el embarazo. La ceguera y la sordera son igualmente causas de exclusión.

1.4. Pruebas de aptitud

1.4.1. Prueba de aptitud física

Se realizará la prueba del banco (Anexo 1).

En el caso de personal que vaya a trabajar integrado en Cuerpos de bomberos se añadirán las pruebas atléticas específicas de los mismos.

Para la BRIF se requiere puntuación igual a 45 como mínimo.

Para las brigadas de extinción se requiere puntuación igual a 40 como mínimo.

1.4.2. Pruebas optativas

Cuando el número de aspirantes que superen examen médico y la prueba de aptitud física sea superior al de plazas se realizarán las pruebas siguientes para la selección final.

Es recomendable hacer siempre estas pruebas para capataces y miembros de las BRIF.

a) Examen de conocimientos

Se realizará durante treinta minutos un test de 20 preguntas con tres respuestas alternativas por pregunta para señalar la correcta, relativo a las actividades de extinción, herramientas y organización, así como a temas de protección de los ecosistemas forestales.

Se puntuará de 0 a 5 proporcionalmente al número de respuestas correctas.



b) Prueba práctica

Se realizará una prueba de manejo de herramientas consistente en roza de matorral bajo (Modelo S), abriendo una línea hasta el suelo mineral de 0,5 m. de ancho por 10,00 m. de largo.

Se puntuará de 0 a 5 (cero, si tarda más de veinte minutos, y cinco, si tarda menos de diez minutos).

c) Puntuación de admisión

La suma de las puntuaciones de las dos pruebas será igual a 5 como mínimo sin ningún cero.

2. FORMACION DE ADMISION Y PRUEBA

2.1. Curso de formación

Durante la primera quincena de contrato todo el personal seleccionado deberá seguir en su puesto de trabajo un curso de veinte horas como mínimo sobre las siguientes materias, con la distribución horaria que se recomienda:

	Teóricas	Prácticas
Protección de ecosistema y efectos del fuego	1	—
Comportamiento del fuego	1	—
Técnicas de extinción incluyendo una quema	1	1
Apertura de línea de defensa	—	6
Mantenimiento de herramientas	1	1
Manejo de emisora	—	1
Seguridad	2	2
Vuelo en helicóptero	—	1
Coordinación y funcionamiento de la brigada	1	1
SUMA	7	13

2.2. Examen psicotécnico

Mediante un examen psicotécnico realizado durante la primera quincena se determinará:

- La inteligencia general.
- La rapidez perceptiva.
- La comprensión de órdenes.

Este examen tendrá carácter optativo para la Administración y, en todo caso, estará diseñado para la actividad de la extinción de incendios forestales.

2.3. Certificación de aptitud

La primera quincena constituirá el período de prueba. Al final de la misma, teniendo en cuenta el funcionamiento del trabajador en el curso, los resultados del examen psicotécnico y su capacidad de integración en el trabajo en equipo se extenderá una certificación de aptitud positiva o negativa para el trabajo de extinción de incendios forestales. Esta certificación tendrá validez únicamente a efectos de acreditación de experiencia en extinción.

3. EQUIPO

El personal será dotado por la Administración con equipo de trabajo y protección formado por camisa y pantalón o mono y cinturón de fibra ignífuga o ignifugada, casco, botas de monte, guantes y gafas, cuyas características se ajustarán a las especificaciones del ICONA. Dicho equipo será de utilización obligatoria por el personal durante la extinción.



4. FORMACION DURANTE EL TRABAJO

El personal recibirá un programa de formación continuada durante el período de contrato, que deberá ser seguido obligatoriamente.

Dicho programa, que se realizará diariamente cuando no se tenga que asistir a un incendio, constará como mínimo de:

- Una hora diaria de tabla de gimnasia.
- Una hora diaria de marcha por el monte con todo el equipo.
- Una hora diaria de teoría de extinción.

En las bases en que exista helicóptero se añadirá un ejercicio diario de subir y bajar al mismo con el equipo.

La tabla de gimnasia y la marcha por el monte podrán ser sustituidas por trabajos forestales que supongan esfuerzo físico.

ANEXO I

APTITUD FISICA DEL PERSONAL EN LA EXTINCION DE INCENDIOS FORESTALES

La capacidad para realizar un trabajo es consecuencia de un conjunto de cualidades, tales como: aptitud física, inteligencia, entusiasmo, voluntad, habilidad, experiencia, compañerismo, etcétera.

De todas ellas la más importante es la aptitud física para la extinción de los incendios forestales.

Aptitud física

Es la suma de la capacidad aeróbica y la aptitud muscular.

Capacidad aeróbica de una persona: Es la capacidad máxima de oxígeno que se puede captar (sistema respiratorio) y transportar (sistema circulatorio) a los músculos (sistema muscular).

La asimilación de oxígeno es el factor básico que limita la capacidad para realizar un trabajo, ya que los músculos necesitan un aprovisionamiento continuo durante el trabajo intenso; cuanto más eficiente sea el sistema de captación y transporte de oxígeno, mejor se podrá realizar un trabajo pesado.

La aptitud muscular incluye: Fuerza, resistencia, agilidad, así como otros factores, tales como: reflejos, el equilibrio y la habilidad.

Las ventajas de una buena aptitud física son las siguientes: Poder realizar más trabajo, resistir mejor el calor, aclimatarse más rápidamente, sufrir menos accidentes y trabajar con menos pulsaciones y temperatura corporal más baja. Por consiguiente, la capacidad aeróbica es el factor más importante a tener en cuenta en la selección del personal para los incendios forestales; para obtenerla se pueden desarrollar una serie de ejercicios físicos que determina la aptitud física de las personas para un determinado trabajo.

Para la selección del personal que interviene en la extinción de los incendios forestales, según su aptitud física, se utilizará la prueba del banco:

Prueba del Banco. Es la prueba que emplean los Servicios de Extinción de Incendios en EE. UU. para la selección del personal. El ICONA la emplea desde hace varios años con óptimos resultados, tanto en rendimientos efectivos del personal como en la disminución del riesgo en los incendios forestales.

Se emplea un banco de 40 cm. de altura para hombres y 33 cm. para mujeres, en el que se subirá y bajará a razón de 90 movimientos por minuto (22,5 veces/minuto) durante un período de cinco minutos. El ritmo se marca con un metrónomo. Una vez finalizado este tiempo la persona que ha realizado el ejercicio reposará quince segundos, y una vez finalizados se le tomará el pulso (en la muñeca o cuello, contando sus pulsaciones durante otros quince segundos).

La prueba se realizará en un local tranquilo. Se necesita una báscula para obtener el peso de los candidatos.

Con los datos obtenidos, EDAD, PESO Y PULSACIONES, se pasará a las Tablas que se acompañan y se determinará la capacidad aeróbica.

Para mantener y aumentar la capacidad aeróbica se recomienda realizar ejercicios físicos sistemáticamente (tablas de gimnasia) más o menos intensos durante el tiempo de duración del contrato.



Cuadro A

COMO USAR LAS TABLAS:

- ① Buscar su peso.
- ② En la columna encontrar el número de pulsaciones después de hacer ejercicio.
- ③ En la fila que indica las pulsaciones, encontrar la tasa de aptitud en la columna que indique su peso.
- ④ Con el coeficiente de salud pasar al cuadro ③.
- ⑤ Encontrar el resultado ajustado por edad junto a la edad más cerca a la suya.

COEFICIENTE DE SALUD (mujeres)

③

Pulsaciones después del ejercicio	Peso en Kg.											
	40	45	50	55	60	65	70	75	80	85	90	95
45												
44												
43												
42												
41												
40												
39												
38												
37												
36												
35												
34												
33												
32												
31												
30												
29												
28												
27												
26												
25												
24												
23												

COEFICIENTE DE SALUD (hombres)

③

Pulsaciones después del ejercicio	Peso en Kg.												
	60	65	70	75	80	85	90	95	100	105	110	120	130
45	33	33	33	33	33	32	32	32	32	32	32	32	32
44	34	34	34	34	33	33	33	33	33	33	33	33	33
43	35	35	35	34	34	34	34	34	34	34	34	34	34
42	36	35	35	35	35	35	35	35	35	35	35	34	34
41	36	36	36	36	36	36	36	36	36	36	36	35	35
40	37	37	37	37	37	37	37	37	36	36	36	36	36
39	38	38	38	38	38	38	38	38	38	38	38	37	37
38	39	39	39	39	39	39	39	39	39	39	39	38	38
37	41	40	40	40	40	40	40	40	40	40	40	39	39
36	42	42	41	41	41	41	41	41	41	41	41	40	40
35	43	43	42	42	42	42	42	42	42	42	42	42	41
34	44	44	43	43	43	43	43	43	43	43	43	43	43
33	46	45	45	45	45	44	44	44	44	44	44	44	44
32	47	47	46	46	46	46	46	46	46	46	46	46	46
31	48	48	47	47	47	47	47	47	47	47	47	47	47
30	50	49	49	49	48	48	48	48	48	48	48	48	48
29	52	51	51	51	50	50	50	50	50	50	50	50	50
28	53	53	53	53	52	52	52	52	52	52	51	51	51
27	55	55	55	54	54	54	54	54	54	53	53	53	52
26	57	57	56	56	56	56	56	56	56	56	56	56	54
25	59	59	58	58	58	58	58	58	58	58	58	58	56
24	60	60	60	60	60	60	60	59	59	59	59	57	
23	62	62	61	61	61	61	60	60	60	60	59		
22	64	64	63	63	63	62	62	61	61				
21	66	66	65	65	65	64	64	64	62				
20	68	68	67	67	67	66	65	65					



Cuadro B

Tomar el resultado (del ③) y ajustar por edad.

⑤

15	32	33	34	35	36	37	38	39	40	41	42	43	44	45	46	47	48	49	50	51	52	53	54	55	56	57	58	59	60	61	62	63	64	65	66	67	68	69	70	71	72	73	74	75	76											
20	31	32	33	34	35	36	37	38	39	40	41	42	43	44	45	46	47	48	49	50	51	52	53	54	55	56	57	58	59	60	61	62	63	64	65	66	67	68	69	70	71	72	73	74	75	76										
25	30	31	32	33	34	35	36	37	38	39	40	41	42	43	44	45	46	47	48	49	50	51	52	53	54	55	56	57	58	59	60	61	62	63	64	65	66	67	68	69	70	71	72	73	74	75	76									
30	29	30	31	32	33	34	35	36	37	38	39	40	41	42	43	44	45	46	47	48	49	50	51	52	53	54	55	56	57	58	59	60	61	62	63	64	65	66	67	68	69	70	71	72	73	74	75	76								
35	27	28	29	30	31	32	33	34	35	36	37	38	39	40	41	42	43	44	45	46	47	48	49	50	51	52	53	54	55	56	57	58	59	60	61	62	63	64	65	66	67	68	69	70	71	72	73	74	75	76						
40	26	27	28	30	31	32	33	34	35	36	37	38	39	40	41	42	43	44	45	46	47	48	49	50	51	52	53	54	55	56	57	58	59	60	61	62	63	64	65	66	67	68	69	70	71	72	73	74	75	76						
45	25	26	27	28	30	31	32	33	34	35	36	37	38	39	40	41	42	43	44	45	46	47	48	49	50	51	52	53	54	55	56	57	58	59	60	61	62	63	64	65	66	67	68	69	70	71	72	73	74	75	76					
50	24	25	26	28	29	30	31	32	33	34	35	36	37	38	39	40	41	42	43	44	45	46	47	48	49	50	51	52	53	54	55	56	57	58	59	60	61	62	63	64	65	66	67	68	69	70	71	72	73	74	75	76				
55	23	24	25	26	28	29	30	31	32	33	34	35	36	37	38	39	40	41	42	43	44	45	46	47	48	49	50	51	52	53	54	55	56	57	58	59	60	61	62	63	64	65	66	67	68	69	70	71	72	73	74	75	76			
60	22	23	24	25	26	27	28	30	31	32	33	34	35	36	37	38	39	40	41	42	43	44	45	46	47	48	49	50	51	52	53	54	55	56	57	58	59	60	61	62	63	64	65	66	67	68	69	70	71	72	73	74	75	76		
65	21	22	23	24	25	26	27	28	29	30	31	32	33	34	35	36	37	38	39	40	41	42	43	44	45	46	47	48	49	50	51	52	53	54	55	56	57	58	59	60	61	62	63	64	65	66	67	68	69	70	71	72	73	74	75	76
	30	31	32	33	34	35	36	37	38	39	40	41	42	43	44	45	46	47	48	49	50	51	52	53	54	55	56	57	58	59	60	61	62	63	64	65	66	67	68	69	70	71	72	73	74	75	76									

④

COEFICIENTE DE SALUD (del ③)

De la intersección de la columna del coeficiente de salud y de la fila de la edad más próxima obtenemos la capacidad aeróbica.

Capacidad aeróbica igual o superior a 45: Brigadas Especiales.

Capacidad aeróbica entre 40 y 45: Otras Brigadas.

Capacidad aeróbica menor de 40: No apto para la extinción de incendios forestales.



Subida y bajada del banco

ANEXO III. CERTIFICACIÓN APROBACIÓN CONTA XUSTIFICATIVA

D./Dña. en calidade de secretario/secretario-interventor,

CERTIFICO

Que en relación co **CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR E O CONCELLO DE** **PARA A ACTUACIÓN DUN VEHÍCULO MOTOBOMBA**, cumpriuse a finalidade para a que foi concedida a axuda, realizándose esta actividade e supoñendo un custo real de€, con IVE, o que se corresponde cun gasto de€, sen IVE (segundo o disposto nos anexos IV e V).

....., de de 20....

Vº e prace

Asdo.:

O/a alcalde/alcaldesa

O secretario/O secretario-interventor



ANEXO IV. XUSTIFICACIÓN DO PRIMEIRO PAGAMENTO-GASTOS DE PERSOAL

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR E O CONCELLO DE PARA A PARTICIPACIÓN NA PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS MEDIANTE A ACTUACIÓN DUN VEHÍCULO MOTOBOMBA NA LOITA CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS

Nome do Concello:

CIF do Concello:

NOME DO TRABALLADOR/A 1³:

DNI:

DATA DE INICIO DA SÚA ACTIVIDADE NO CONVENIO¹:

DATA DE FIN DA SÚA ACTIVIDADE NO CONVENIO²:

Mes ³	Total devengado ^A	SS a cargo do Concello ^B	% da xornada adicado ^C	Custo total (A+B)-C
xullo				
agosto				
setembro				
outubro				
novembro				
TOTAL				

NOME DO TRABALLADOR/A 2:

DNI:

DATA DE INICIO DA SÚA ACTIVIDADE NO CONVENIO¹:

DATA DE FIN DA SÚA ACTIVIDADE NO CONVENIO²:

Mes ³	Total devengado ^A	SS a cargo do Concello ^B	% da xornada adicado ^C	Custo total (A+B)-C
xullo				
agosto				
setembro				
outubro				
novembro				
TOTAL				

SUMA TOTAIS				
--------------------	--	--	--	--

..... de de 20....

Vº e praxe

Asdo.:

O/a alcalde/alcaldesa

O secretario/O secretario-interventor

¹ Esta data non poderá ser anterior ao comezo da operatividade.

² Esta data non poderá ser posterior ao remate da operatividade.

³ Engadir os meses e/ou traballadores que sexa necesario.

ANEXO IV. XUSTIFICACIÓN DO PRIMEIRO PAGAMENTO-OUTROS GASTOS

Notas explicativas:

(*) Incluirase unha explicación clara e comprensiva do gasto imputable ao convenio.

(**) Lémbrese que o IVE soamente será subvencionable na medida en que non sexa susceptible de recuperación ou compensación.

NOTA (1): A petición do Concello esta ficha poderase achegar por vía dixital ao e-mail facilitado pola entidade.

NOTA (2): Todas as posibles aclaracións a esta ficha poderán ser reflectidas, se se considera necesario nun informe resumo.

Descrición do gasto (*)	Acredor	CIF Acredor	N.º Factura	Data Emisión Factura	Data de pagamento	Importe Factura (SEN IVE)	Importe Total Factura (**) (CON IVE)
TOTAL							

....., de de 20.....

Vº e praxe

Asdo.:

O/a alcalde/alcaldesa

O secretario/O secretario-interventor



ANEXO V. XUSTIFICACIÓN DO PAGAMENTO FINAL-GASTOS DE PERSOAL

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR E O CONCELLO DE PARA A PARTICIPACIÓN NA PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS MEDIANTE A ACTUACIÓN DUN VEHÍCULO MOTOBOMBA NA LOITA CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS

Nome do Concello:

CIF do Concello:

NOME DO TRABALLADOR/A 1³:

DNI:

DATA DE INICIO DA SÚA ACTIVIDADE NO CONVENIO¹:

DATA DE FIN DA SÚA ACTIVIDADE NO CONVENIO²:

Mes ³	Total devengado ^A	SS a cargo do Concello ^B	% da xornada adicado ^C	Custo total (A+B)-C
xullo				
agosto				
setembro				
outubro				
novembro				
TOTAL				

NOME DO TRABALLADOR/A 2:

DNI:

DATA DE INICIO DA SÚA ACTIVIDADE NO CONVENIO¹:

DATA DE FIN DA SÚA ACTIVIDADE NO CONVENIO²:

Mes ³	Total devengado ^A	SS a cargo do Concello ^B	% da xornada adicado ^C	Custo total (A+B)-C
xullo				
agosto				
setembro				
outubro				
novembro				
TOTAL				

SUMA TOTAIS				
--------------------	--	--	--	--

..... de de 20....

Vº e praxe

Asdo.:

O/a alcalde/alcaldesa

O secretario/O secretario-interventor

¹ Esta data non poderá ser anterior ao comezo da operatividade.

² Esta data non poderá ser posterior ao remate da operatividade.

³ Engadir os meses e/ou traballadores que sexa necesario.

ANEXO V. XUSTIFICACIÓN DO PAGAMENTO FINAL-OUTROS GASTOS

MODELO XUSTIFICACIÓN PAGAMENTO FINAL OUTROS GASTOS (MOTOBOMBA)

Notas explicativas:

(*) Inclúirase unha explicación clara e comprensiva do gasto imputable ao convenio.

(**) Lémbrese que o IVE soamente será subvencionable na medida en que non sexa susceptible de recuperación ou compensación.

(***) No caso de que as facturas estean pendentes de pagamento dentro do prazo que indica o convenio

NOTA (1): A petición do Concello esta ficha poderase achegar por vía dixital ao e-mail facilitado pola entidade.

NOTA (2): Todas as posibles aclaracións a esta ficha poderán ser reflectidas, se se considera necesario nun informe resumo.

Descrición do gasto (*)	Acredor	CIF Acredor	N.º Factura	Data Emisión Factura	Data de recoñecemento (***)	Importe Factura (SEN IVE)	Importe Total Factura (**) (CON IVE)
TOTAL							

....., de de 20.....

Vº e prace

Asdo.:

O/a alcalde/alcaldesa

O secretario/O secretario-interventor